

O Programa de Pavimentacións inviste máis de 700.000 euros en mellorar as rúas do municipio

Preto de 20 novas empresas abrirán as súas portas no polígono de Iñás antes de que remate o ano

Páxinas 12 e 13



Concello de  Oleiros

OBRAS PÚBLICAS

O investimento do Concello nas infraestruturas municipais dinamiza o crecemento de Oleiros

Páxinas 4, 5 e 6

Vivir en Oleiros

Número 28
Outubro 2008
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

García Seoane e a voceira do grupo municipal do PSOE durante a rolda de prensa na que anunciaron o acordo sobre o PXOM



O Concello aposta por novas rutas para o transporte municipal

Páxina 10

70 familias oleirenses terán acceso a unha nova vivenda protexida

Páxina 11

O Goberno Local e o PSOE pactan as modificacións do PXOM para desbloquear a súa tramitación

■ O grupo de goberno de Alternativa dos Veciños e o PSOE de Oleiros acordaron un pacto co que se pretende desbloquear a tramitación do Plan Xeral e dar cumprimento á orde do 14/03/2007 da CPTOPT. Coa incorporación ao documento do Plan das correccións indicadas neste acordo, a inclusión das modificacións técnicas pertinentes para adaptar

Páxina 2

o texto á nova normativa galega en materia de vivenda protexida, e coa inclusión doutras propostas presentadas polo grupo municipal socialista, péchase a fase de modificación do proxecto de PXOM. O Goberno Local presentará en breve ao pleno municipal o documento definitivo para que este sexa remitido á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial.

Combater o vandalismo, un reto de todo o municipio

Páxina 14

Toda a axenda cultural do Concello á túa disposición

A Concellería de Cultura puxo en marcha un completo programa cultural para o último trimestre do ano. Concertos, espectáculos de danza e obras teatrais representan as principais ofertas ata Nadal. Ademais, a Festa do Mel que se celebra en Perillo o 2 de novembro completa a oferta de ocio do Concello.

Páxinas 18 e 19

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23

DOCUMENTO QUE RECOLLE O ACORDO ENTRE O GOBERNO LOCAL E O PSOE PARA A TRAMITACIÓN DEFINITIVA DO PXOM

PROPOSTAS A INCORPORAR AO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OLEIROS.

O presente Documento recolle as propostas a incorporar ao Documento de Revisión do Plan Xeral Municipal de Ordenación de Oleiros para a adopción do acordo municipal de cumprimentación da Orde de 14.3.07 da CPTOPT, da cumprimentación da Lei 9/2002, da adaptación ás Normas do Habitat Galego e da nova Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (Lei 6/2008) actualmente en vigor.

Nestas correccións recollidas no Anexo 1, concrétese e substánciase o acordo acadado entre o Grupo Municipal Socialista de Oleiros e o Grupo Municipal da Alternativa dos Veciños respecto das propostas para o perfeccionamento do Plan Xeral Municipal de Ordenación de Oleiros e a súa aprobación.

As propostas acordadas teñen como obxecto principal:

1. Garantir unha maior cohesión social, incrementando e distribuindo axeitadamente a Vivenda de Réxime Protexido ata acadar os estándares establecidos na Lei 6/2008.
2. Mellorar e redimensionar a rede viaria a través da previsión de novas estradas de circunvalación e a mellora do trazado das xa recollidas, co obxecto de retirar o tráfico dos ámbitos urbanos e mellorar así a calidade de vida e a seguridade nos nosos pobos.
3. Modificar as ordenanzas para perfeccionalas e adaptalas ás novas condicións recollidas nas Normas do Habitat Galego.
4. Potenciar o turismo de calidade a través de distintas actuacións: Campo de Golf de Xaz, o mantemento obrigatorio do uso hoteleiro nas instalacións actuais, así como, clasificar novos solos para tal fin, e impulsar os portos deportivos de Mera e Lorbé.

1

5. Ampliar o solo con destino a uso deportivo, clasificando para tal fin o ámbito do Plan Especial da área dotacional de Bastiagueiro (PE-3R).
6. Ampliar a dotación de solo industrial no entorno da Vía Ártabra en Iñás e na Barcala, para fomentar a creación de emprego e a actividade empresarial.
7. Suprimir os solos urbanizables desconexos dos núcleos urbanos existentes para crear centralidade, mellorar os servizos públicos e potenciar o comercio local.

Os abaixo asinantes, en representación dos respectivos grupos municipais, manifiestan o compromiso de apoiar conxuntamente no Pleno da Corporación a aprobación do Documento de Cumprimentación da Orde de 14.03.07 da CPTOPT, que resulte de refundir no documento sometido ó trámite de aprobación definitiva, aquelas modificacións xa recollidas na documentación técnica para a Cumprimentación de maio de 2008, e as propostas contidas no Anexo 1 antes citado.

Oleiros, 24 de xullo de 2008

Por Alternativa dos Veciños

Por O Grupo Municipal Socialista

Asdo.: Ánxel García Seoane

Asdo.: Covadonga Díaz Varela

2

■ *As modificacións para a cumprimentación da documentación técnica requirida pola Xunta de Galicia en base á orde do 14/03/2007 da Consellería de Política Territorial están recollidas na proposta que o goberno local quixo levar ao pleno do pasado mes de maio e que finalmente non se puido celebrar porque a totalidade dos grupos políticos da oposición pediron a retirada do punto da orde do día destinado a falar do Plan Xeral. A esta documentación técnica achegáronse as propostas realizadas posteriormente polo grupo municipal socialista e que se recollen nun anexo do acordo.*

OLEIROS, UNHA BALCONADA A CARÓN DO MAR

■ O reto asumido polo Goberno local de dotar o municipio dunha rede de paseos marítimos que percorran polos principais núcleos urbanos de Oleiros, así como de sendas peonís que percorran todo o noso litoral xa é unha realidade. A pesar dos

atracos burocráticos e das dificultades da orografía á hora de realizar os traballos, Oleiros xa conta cunha ampla rede de camiños de máis de 30 quilómetros que discorren, gran parte dos mesmos, a carón do mar e dos que poden gozar os veciños e todos os nosos visitantes.

PASEO MARÍTIMO DA RÍA DO BURGO ▶

◆ O itinerario entre Beiramar e Santa Cristina quedou aberto por completo o pasado mes de agosto ao abrirse provisionalmente o tramo da finca do Hábitat Residencial, despois de acadarse un acordo cos residentes da urbanización. O acordo establecía que esa apertura sería provisional ata mediados de setembro, momento no que se iniciarían as obras de construción do paseo definitivo. Dese modo, o día 16 de setembro, reiniciáronse as obras de ordenación deste tramo. Os traballos consistiron, ademais do acondicionamento do paseo, da pavimentación, do alumeadado e do mobiliario público, na construción dun colector de saneamento que permita eliminar o bombeo de augas residuais da urbanización e dar continuidade ao saneamento que pola beira vén desde Santa Cristina.

Estas obras encóntranse xa en execución e en varias semanas quedarán rematadas. A eliminación do bombeo privado permitirá ademais eliminar barreiras arquitectónicas no tramo, dado que na súa apertura provisional era preciso pasar a través dunhas escaleiras dificultando o tránsito. Este tramo une a zona da Pasaxe coa finca coñecida como Bescansa e dá continuidade a todo o traxecto costeiro que percorre a parroquia de Perillo. Desde a súa apertura provisional foi utilizado por multitude de persoas.



BASTIAGUEIRO ▼

◆ A Demarcación de Costas a petición do Concello renovou na praia de Bastiagueiro o tramo de paseo construído en madeira, dado que estaba moi deteriorado e o mar acabou de destruílo. As obras tiveron un custo aproximado de 60.000 euros e incluíron a renovación do mobiliario urbano.



NERA

◆ O paseo de Mera continúa en obras sen grandes complicacións aínda que con numerosos atracos que se van resolvendo día a día. A obra garda certa complexidade pola topografía do terreo e presenta tres tipos de solucións construtivas diferentes. Na zona da praia de Mera trátase dun paseo tipicamente urbano, de seis metros de ancho, que precisa de muros para conter os terreos que se atopan máis altos.



Na zona de Penatouro, bordeando a casa, o paseo adáptase ás condicións da finca protexida, de modo que discorre por dentro da finca a modo de sendeiro cun ancho variable entre un e tres metros e respectando os muros de bordo para a través dunha pasarela, cruzar á zona de Espiñeiro. O Xulgado rexeitou os recursos dos propietarios e con iso dáse luz verde ao inicio das obras na finca Penatouro, o que se fará en breve prazo.

En Espiñeiro o paseo convértese nun parque costeiro e discorre a modo de senda rodeada de zonas verdes. Nesta zona foi xa derribado

o antigo chiringuito da praia e as obras están aquí máis avanzadas. As previsións apuntan a que para a próxima primavera o paseo estea totalmente rematado.

SENDA GALERAS-STA. CRUZ

◆ Quedou rematado este tramo de gran beleza que une o paseo de Santa Cruz e a zona das Galeras en Bastiagueiro. Este tramo construído en madeira salva un gran desnivel e permite unha comunicación segura entre o parque costeiro de Galeras e o centro da localidade.

NAVAL ▼

◆ Continuando un proceso iniciado hai anos coa aprobación do Plan especial da praia de Naval e coa redacción e coa aprobación do proxecto para a construción do parque e dos accesos á praia e atendendo ao compromiso que estableceu o alcalde coa Dirección Xeral de Costas na súa visita a Madrid onde se lle solicitou ao Concello a posta a disposición dos terreos precisos para realizar as obras, unha vez completado o expediente preciso, iniciouse a expropiación dos terreos destinados a zona verde precisos, atopándose en período de alegacións.

A citada praia dispón dun acceso público desde a rúa Vía Buccino e preténdese habilitar un novo acceso por terreos que actualmente son privados, desde a rúa do Mar.

E ademais... ▼

CANIDE - MERA

◆ O Concello iniciou a expropiación dos terreos precisos para a construción dunha senda entre o parque costeiro de Canide e o paseo de Mera na zona de Santa Ana. Nese tramo xa se dispón de solo cedido para ese fin, pero é preciso adquirir o resto para completar o tramo, itinerario importante para unir a zona de Canide que se vai converter nun núcleo residencial con numerosa poboación co centro da localidade evitando o desprazamento pola beirarrúa da estrada. O proxecto das obras está redactado pola Demarcación de Costas que será quen as realice unha vez que o Concello poña a disposición os terreos. Ademais da senda, as obras inclúen a instalación doutros servizos.

OLEIROS MEDRA ▼

As obras públicas dinamizan o Concello

■ A entrada en vigor tardía do orzamento de investimentos para este ano, o día 30 de maio, condiciona a execución de todos os investimentos previstos para a anualidade. Aínda así, moitos están iniciados e outros en trámites de contratación. Os departamentos implicados neses trámites están traballando arreo para que as obras previstas para este exercicio poidan, pese a iniciarse con seis meses de retraso, verse cando menos iniciadas este ano. A todas as obras que aquí se citan súmanse outras moitas de menor entidade ou doutra índole que tamén é preciso sacar adiante.

OBRAS EN EXECUCIÓN

■ Cuberta da pista polideportiva de Perillo

O Concello instala unha cuberta en madeira laminada e un novo sistema de iluminación que permita o uso desta instalación deportiva todo o ano e nun horario máis amplo para o gozo dos veciños. As obras na avenida da República inclúen tamén melloras no contorno.

■ Obras de urbanización na zona Obelisco

A segunda fase da urbanización Obelisco, un polígono situado entre as rúas Francisca Herrera, avenida de Venezuela e o Corralón, en Santa María de Oleiros, está en marcha. Ademais da apertura de novas rúas, a continuación das vías sen saída Camilo Díaz Baliño e Xosé Ruibal e a dotación dun novo parque público no centro de Oleiros, ordena diversos solares para a construción de vivendas. As obras execútaas o Concello e fináncianse mediante cotas de urbanización.

■ Melloras no centro cultural de Montrove

Neste centro social estanse realizando obras por un importe de 15.102 euros. Realízanse reparacións na cuberta para eliminar filtracións, o illamento da cafetería mediante tabiques de vidro e a instalación dunha grella no exterior.

■ Sinalización de aparcamentos en Santa Cristina

Coa mesma imaxe que o resto da sinalización informativa urbana instalada por todo o municipio, nas rúas de acceso a Santa Cristina veñen de instalarse sete sinais orientativos dos aparcadoiros subterráneos con prazas de aparcamento públicas. O seu importe foi de 6.085 euros. Proximamente realizarase a sinalización dos establecementos hoteleiros.

■ Melloras no contorno do Castelo de Santa Cruz

Tendo en conta que tanto o Ministerio como a Dirección Xeral de Patrimonio admitiron executar as melloras nas murallas da illa do Castelo que a Alcaldía reclamou, obras que aínda non se iniciaron, o Concello pola súa banda e coa axuda europea do plan Proder que financia o 70% dos traballos, está executando diversas melloras nos accesos e no paseo do bordo da illa do Castelo de Santa Cruz. Estas actuacións que teñen un importe total de 176.228 euros, consisten na renovación do pavimento da praza situada no final da rúa do Repicho no paseo marítimo, pintado da varanda do paseo, habilitación dun acceso para discapacitados ao Castelo a través do paseo perimetral



da illa, selado de fendas e reparación de danos. Tamén se inclúe a renovación do alumeadado, a colocación de proteccións no paseo do bordo e a reposición de mobiliario urbano. Na pasarela vaíse proceder á recolocación de cables eléctricos e outras reparacións menores. Esta obra é complementaria da principal que se espera que comece en breve para a consolidación de noiros e a reparación de muros, traballos que o Concello reclama a Patrimonio e ao Ministerio que empecen en breve para evitar que siga avanzando a degradación das estruturas.

PARQUES INFANTÍS



■ Vista dunha zona de xogos no parque dos Areeiros situado na zona do Lucin, en Perillo

■ 200.000 euros para mellorar zonas de xogos

A Concellería de Obras Públicas investirá 200.000 euros para mellorar o mobiliario público e as instalacións dos parques infantís do municipio. Esta partida prevese nos orzamentos correspondentes ao 2008. Os traballos que se realizarán dentro deste programa de mellora de parques infantís súmase ás obras de mellora na zona de xogos do parque Luís Seoane, en Santa Cruz. Esta zona de xogos vai ser renovada para prestar un óptimo servizo. As obras contemplan evitar a entrada das aves do estanque na zona de xogos, a renovación destes e a mellora do pavimento.



OUTRAS OBRAS EN EXECUCIÓN

■ **Adecuación ambiental do bordo marítimo de Mera - 2ª fase. Continúan as obras do paseo que realiza a Demarcación de Costas e teñen un importe próximo aos 900.000 euros**

■ **Reparación da beirarrúa na avenida Che Guevara en Perillo, diante do edificio Hábitat**

■ **Instalación de sistemas de aforro enerxético en alumeados da zona de Santa Cristina**

■ **Drenaxe da zona verde do colexio Parga Pondal**

■ **Reforma do salón de plenos para a mellora das súas paredes**

■ **Reparación dos farois da urbanización Fonte do Ouro, con cargo ao aval da urbanizadora**

➔ **127.476,33 euros**



▲ **Antes**



▲ **Despois**

■ AS BEIRARRÚAS DA AVENIDA VALLE INCLÁN.

Tras superar moitos obstáculos, o Concello continúa a construción de beirarrúas nesta zona unha vez autorizada a ocupación de varios terreos onde foi preciso expropiar. O tramo no que se está traballando tamén permite a mellora do tránsito peonil coa rúa Lagarteiras.

OBRAS DE INMEDIATA EXECUCIÓN

■ **1. Melloras no campo de fútbol de Montrove: novo vestiario, almacén e mellora do terreo de xogo, por un importe de 90.000 euros**

■ **2. Reparacións no interior e exterior do colexio de Canide, por 54.000 euros**

■ **3. Biblioteca pública en Rialta, cun importe de 92.000 euros**

■ **4. Almacén e novo acceso ao pavillón Valle Inclán, por un importe de 83.000 euros**

■ **5. Climatización do pavillón de Bastiagueiro, por 42.979 euros**

■ **6. Habilitación do local de surf da praia de Bastiagueiro, por 11.000 euros**

■ **7. Reparación do tellado e do pintado do antigo preescolar de Cividanes, local que utiliza o Marino de Mera, por 8.800 euros**

■ **8. Acondicionamento do soto da escola infantil A Canteira para dedicalo a lavandería, por 27.688 euros**

■ **9. 1ª fase de adecuación dos parques infantís situados en diversas zonas que precisan unha urxente mellora, cun importe de 200.000 euros**

■ **10. Mellora e acondicionamento das rotondas da avda. Fonte do Ouro en Iñás e a do acceso a Canide na avda. María Pita, por 46.956 euros**

■ **11. Sinalización viaria en diversos lugares, por 47.000 euros**

■ **12. Mellora interior do mercado municipal, por 32.000 euros**

■ **13. Eliminación do alumeado incandescente en varias pistas polideportivas e a súa substitución por outro máis eficiente, por 19.427 euros**

■ **14. Adquisición dos terreos para a senda costeira entre Canide e Mera, por 21.128 euros**

■ **15. Mellora da subministración de auga á zona alta de Santa Cruz, cunha nova tubaxe desde o depósito de Montrove, por 234.710 euros**

■ **16. Habilitación dun aparcadoiro e outras melloras no colexio Rabadeira de Oleiros, por un importe de 50.000 euros**

PAVIMENTACIÓNS EN EXECUCIÓN ▼

EN OBRA:

■ Rúa Eira da Concha (Liáns)

◆ Logo de conseguir as cesións de terreo necesarias, o Concello está realizando as obras para comunicar a rúa Eira da Concha coa rúa do Souto. Ademais estase a dotar a esta céntrica zona de Santa Cruz de diversas infraestruturas subterráneas (telecomunicacións, gas, pluviais, electricidade, telefonía, alumeados) e rematarase pavimentando a rúa con aglomerado asfáltico.

■ Rúa As Avogadas (Perillo)

◆ Unha vez rematadas as obras de infraestrutura subterránea e pavimentada a rúa, vaise proceder por Unión Fenosa nos próximos días á retirada da instalación de cables aérea de electricidade, a retirada dos postes existentes e a posta en marcha do novo alumeados.

■ Rúa O Polvorín (Perillo)

◆ Esta rúa que comunica a rotonda de Nirvana co paseo marítimo de Santa Cristina foi estragada polo paso dos camiões que levaron o material para o dique que se construíu para a defensa da praia de Santa Cristina. Requirida a empresa para a súa reparación e ante a negativa desta, estase procedendo á reparación subsidiaria desa obra, co obxecto de que a pague a citada empresa, para o que se está levando a diante o expediente de reclamación oportuno. Ademais o Concello está realizando outras melloras, como a colocación na rúa de canalización de pluviais.



■ Melloras na pavimentación de rúas na urbanización Os Regos

◆ Logo dos primeiros traballos de pavimentación realizados nesta urbanización, continúan os traballos. Acaba de procederse a corrixir acometidas á rede de saneamento que presentaban problemas dentro da urbanización, estase traballando na construción dunha rotonda no acceso principal que permita o xiro dos autobuses e conxuntamente co remate da rotonda pavimentaranse as rúas Miño e Tambre que se atopan moi deterioradas.

■ Perfeccionanse os camiños do Monumento Natural de Dexo-Serantes

◆ Despois dos traballos de limpeza realizados en diversas zonas do parque, estase mellorando o pavimento en varios camiños que se internan no parque, en concreto o camiño de acceso ao Seixo Branco en Serantes, o camiño do Arrequeuto e o camiño do Marolete ambos en Dexo. Os traballos consisten en rasantear estes camiños e dotalos dunha capa de grava compactada.

◀ ■ Senda peonil do Seixo Branco, onde se está a mellorar os accesos

ESTÁ CONTRATADA A PAVIMENTACIÓN DAS SEGUINTE RÚAS:

- | | |
|--|---|
| ● 1. Rúa Revolta (Perillo) | ● 7. Rúa da Chorima (Casas Baratas en Sta. Cruz) |
| ● 2. Rúa Xosé Baena (Nós) | ● 8. Rúa do Toxo (Casas Baratas en Sta. Cruz) |
| ● 3. Rúa Arán (Serantes) | ● 9. Rúa Fiúncho (Casas Baratas en Sta. Cruz) |
| ● 4. Rúa Bañil (Liáns) | ● 10. Urbanización Rialta (na zona de chalés unifamiliares) |
| ● 5. Rúa Alexandre Bóveda (Nós) | ● 11. Rúa As Pitas (Nós) |
| ● 6. Rúa da Xesta (Casas Baratas en Sta. Cruz) | ● 12. Os Gorrións (Perillo) |

O investimento total das melloras nestas rúas é de 488.000 euros e o prazo de execución é de 24 semanas

Ademais destas estradas, o Goberno local tamén ten adxudicado a renovación do pavimento nas rúas **Areosa** (Maianca), na rúa **O Valiño** (Nós), nas rúas da urbanización **O Bosque** (Oleiros), na rúa **A Braña** (Maianca), o aparcadoiro do fronte do Instituto de Educación Secundaria Miraflores (Oleiros) e a rúa **Lodeira** en Lorbé (Dexo). O investimento total neste paquete de obras é de 167.000 euros. O prazo de execución dos traballos é de 10 semanas.

OUTRAS OBRAS QUE SE EXECUTARÁN DE SEGUIDO:

● Unha vez asinado entre o alcalde e a delegada da Consellería de Medio Rural dun convenio, estamos á espera do inicio das obras de pavimentación nas rúas Xenza, Franzomel e Xardín de Gómez, en Liáns, que se financian cos cartos que lle corresponden a Oleiros do Plan de infraestruturas rurais e cuxos traballos foron adxudicados o pasado dous de setembro.

● Reparación do pavimento da rúa Uxío Novoneyra, dos camiños entre edificios alí situados e da senda de lastros pola marxe da rúa Casares Quiroga.

● Pavimentación das rúas da Praza de Liáns, rúa Montrove e rúa Nébeda.

● Pavimentación da rúa Arrequeuto en Dexo (tramo urbano).

E ademais... Prevese a realización doutros traballos:

- Rúa Malvela (Liáns) ● Rúa Foro (Oleiros) ● Rúa O Lameiro (Nós) ● Tramo rúa da Xustiza (Nós) ● Rúa A Barcala (Nós)

EDITORIAL

● MÁIS XESTIÓN E MENOS CRISE

◆ Para que unha empresa, un fogar, unha asociación, un partido político, un organismo ou un concello teñan un bo desenvolvemento e éxito na súa xestión son necesarios varios factores a ter en conta pero, hai dous que son imprescindibles: boa dirección e boa xestión económica.

Aparentemente, todas as persoas que dun xeito ou doutro, nalgún momento da súa vida, acceden á función xestora ou son dirixentes, amosan dispor das citadas dotes aínda que os feitos, na maior parte dos casos, triste e fatidicamente, evidencian o contrario e os que sofren as consecuencias dos fracasos polas súas deplorables xestións son sempre os mesmos: aqueles que depositaron a súa confianza, a súa ilusión e, en moitos casos, o seu interese nos “responsables” de quenda.

Estamos a ser espectadores do derrubamento de imperios empresariais, do caos e da desestabilización de financeiras, da bancarrota de milleiros de economías familiares, de fraudes e quebras de asociacións e entidades, da suspensión de pagamentos en empresas e da falta de liquidez incluso en determinados organismos públicos.

Asistimos abraiados á caída dos fetiches de ilusionistas e de “arquitectos” de castelos de naipes que, xogando a ser xestores ao amparo de vacas gordas, subvencións, dádivas, amiguismo e cartos para todos a través de créditos e hipotecas traizoerías, arruinaron e afogaron as ilusións de moitas empresas e familias.

Moitas serán as persoas que conducidas ao arduo deserto económico sufrirán a visión dos falsos espellismos que lles fixeron ver, e sorte terán aqueles que logren pasar a travesía.

Estas situacións deben facernos reflexionar sobre os xestores e os que acceden a xestionar nas distintas áreas que afectan ao desenvolvemento e ao progreso do noso país: colectivos cidadáns, empresas e organismos públicos debemos ser máis conscientes e selectivos á hora de xogar co pan de cada día, reseso aínda se come; sen fariña ¡¡¡non hai pan !!!

Agora escoitamos falar de crise do ladrillo e de época de vacas fracas, preguntámonos: ¿Onde están os cartos amasados co cemento?, ¿en que se queimaron os do gasóleo e da gasolina?, ¿os das augas dos nosos ríos?, ¿os do vento dos parques eólicos? ¿Como algúns políticos poden falar e enfatizar sobre a crise cando están a “reciclar” a ex – dirixentes con soldos de máis dun millón

de euros como é o caso do Sr. Zaplana nunha ex – empresa pública como Telefónica, ou o do asesor do actual presidente do país como presidente de grandes empresarios que controlan a economía do Estado?

Para os ideólogos do Goberno a crise é unha cuestión puramente macroeconómica, como se detrás de todos os parados que queren traballar non houbera un drama persoal e familiar. Para o Banco Central Europeo o prezo do diñeiro é unha variable para influír sobre a inflación, a competitividade e o fluxo crediticio, e o de menos é que queden atrapados polas súas hipotecas milleiros de cidadáns aos que non lles queda marxe para vivir dignamente, ou que teñan que botar o peche centos de miles de autónomos que non teñen capacidade para renegociar os seus créditos.

¿Cando os nosos dirixentes en materia económica serán quen de facer unha autocrítica, e recoñecerán que non foron previsores en época de bonanza ata arrastraren a tanta xente a situacións de insolvencia? ¿Cando recoñecerán que permiten ás grandes empresas mirar só pola súa rendibilidade a curto prazo sen importarles un comino o reinvestimento dos excedentes en investigación e desenvolvemento de plans enerxéticos que nos fagan menos vulnerables aos xogos malabares dos especuladores do petróleo, con Bush e Rice de cabezas encubertas?

Namentres nos países máis desenvolto socialmente instalan surtidores para automóviles movidos por hidróxeno aquí permíteselle ás eléctricas parar os muíños de vento polas noites a colación de que non lles é rendible investir en acumuladores coa desculpa de que a produción do hidróxeno require demasiada enerxía. ¿Ata cando imos engordar as contas dos seus dirixentes que manexan as eléctricas cun grande custo medioambiental e sen capacidade ningunha para recoller o interese público?

A seguridade social universalizada, a atención aos nosos maiores, a suba imprescindible do poder adquisitivo de salarios e pensións, a Lei de atención a discapacitados e todas as prestacións en materia de asuntos sociais son unha conquista que nos identifica como unha sociedade progresista e humanizada.

Non podemos permitir que a chulería egoísta dos especuladores e oportunistas atope un signo de pasotismo nas institucións se queremos ver consolidado o Estado de benestar e a universalización das prestacións sociais solidarias.

SEGUIMOS A CONSERVAR O MUNICIPIO





Alternativa dos veciños

POR UN NOVO MUNICIPALISMO

A potenciación das funcións do municipio no papel de artellar o mellor funcionamento da sociedade civil é un factor chave para o progreso e a participación cidadá.

Na mesma medida en que se incrementa a cultura dos contribuíntes como tales, así tamén medra a esixencia de maiores estándares de calidade de vida: nos núcleos urbanos, no rural e nos conxuntos residenciais.

En Oleiros temos adiantado moito e singularmente no camiño que leva a un protagonismo das asembleas veciñais traballando no que é un exercicio de democracia directa a través de decisións asemblearias en todos os asuntos de política interna importantes.

O movemento veciñal asembleario vén xa desenvolvendo, con independencia de institucións supramunicipais ata onde nos deixan, o papel de definición do modelo

de valores que teñen de inspirar logo a acción do goberno municipal. Froito da nosa cultura xurdiu un exemplo de crecemento sostible adiantado dúas décadas ao que hoxe se vén postulando. Temos un concello organizado desde a base da pirámide, preto do cidadán cando non mesmo con el, é redefinido acotío nos seus conceptos económico, cultural, sanitario, educativo, solidario, ambiental... Con todo, o papel cada día máis relevante dos concellos como institucións con máis responsabilidade de prestacións de servizos aos cidadáns, non está correspondido co necesario traspaso e coa dotación da porcentaxe de recadación fiscal prevista na reforma da Lei de réxime local, nin coa dotación de maior autonomía na toma de decisións, tendo en conta que estas se produzan dentro do marco legal. É un feito que no noso Concello temos

de valores que teñen de inspirar logo a acción do goberno municipal. Froito da nosa cultura xurdiu un exemplo de crecemento sostible adiantado dúas décadas ao que hoxe se vén postulando. Temos un concello organizado desde a base da pirámide, preto do cidadán cando non mesmo con el, é redefinido acotío nos seus conceptos económico, cultural, sanitario, educativo, solidario, ambiental... Con todo, o papel cada día máis relevante dos concellos como institucións con máis responsabilidade de prestacións de servizos aos cidadáns, non está correspondido co necesario traspaso e coa dotación da porcentaxe de recadación fiscal prevista na reforma da Lei de réxime local, nin coa dotación de maior autonomía na toma de decisións, tendo en conta que estas se produzan dentro do marco legal. É un feito que no noso Concello temos

ido mal, grazas a un urbanismo controlado que percibiu unha parte substancial dos beneficios a favor das arcas municipais permitindo a abordaxe de orzamentos moi ambiciosos, como é o de dotación dunha rede universal de saneamento.

Mais a poboación ten medrado moito en vinte anos; tamén as infraestruturas e, tamén, as necesidades desa poboación e os gastos de mantemento dos múltiples servizos, moitos deles á disposición non só dos residentes, senón tamén dos veciños do resto da área metropolitana e dos que nos visitan.

Oleiros e todo o municipalismo precisan do incremento da súa autonomía orzamentaria e do cumprimento xa da reforma da Lei de corporacións locais que atenda ao feito diferencial do papel cada vez máis relevante dos concellos na prestación de servizos.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



QUEREMOS UN ALCALDE QUE NOS DEJE CONVIVIR ENTRE VECINOS

Se acerca el final de año y a los nuevos problemas derivados de la crisis económica y del descontrol y la incapacidad de gestión del gobierno que preside Ángel García Seoane, se suman los que ya arrastramos desde la pasada legislatura. El principal de ellos es el plan general, un asunto sobre el que el alcalde y el PSOE anunciaron a bombo y platillo un acuerdo del que nada se sabe.

El grupo socialista no ha hablado más que de obviedades. La Consellería de Política Territorial emitió un informe que rechaza gran parte del plan, en lo que se refiere

a la reclasificación de suelos y a la previsión de viviendas, muy por encima de la demanda real. Sobre todo esto el PSOE no aclara nada. El alcalde y la portavoz socialista nos acusan de no hacer propuestas. Eso no es cierto. Las hicimos y son muy claras. Es más, son exigencias compartidas por el grupo socialista, que después las olvidó y aún no ha explicado por qué. Exigimos una exposición pública y un nuevo período de alegaciones, y la adaptación del plan a la orden de la Consellería, porque de lo contrario la Xunta volverá a rechazar el plan. También

solicitamos una comisión de todos los grupos para buscar un verdadero consenso.

El PSOE debe aclarar si está de acuerdo con García Seoane o si comparte el criterio de la Xunta, absolutamente contrario, y que obliga a rehacer por completo el plan. Debe decir claramente si apoya el cambio de rústico a urbanizable de una finca de la que es copropietario el alcalde en el SUND-41, en Iñás, y que la Xunta dice expresamente que no debe recalificarse. También debe aclarar si apoya la reclasificación de terrenos de concejales, ex

concejales y dirigentes de Alternativa. Algunos pasan directamente de rústicos a urbanos, algo prohibido por la ley.

Este alcalde no trabaja por los intereses de los vecinos, sino por los suyos propios, los de sus concejales y los miembros de su partido. Si el PSOE no responde a estas cuestiones y aclara los detalles de su acuerdo difícilmente podrá decir que defiende la transparencia y el interés general de los vecinos. Más bien estará siendo cómplice del oscurantismo que ha rodeado desde el principio la tramitación del plan de Oleiros.

Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG.- PSOE. Concello de Oleiros



TALANTE FRONTE Ó AUTORITARISMO DE ALTERNATIVA E DIALOGO ANTE A CRISPACIÓN DO PP

Despois dun ano de mandato da nova corporación municipal, no que o Grupo Municipal Socialista exerceu de oposición responsable, buscou consensos para favorecer o benestar dos veciños, democratizar o concello e impedir que se acometan proxectos delirantes. Os recursos deben ser para obras necesarias que melloren a calidade de vida dos oleiroses. Conseguimos neste ano aprobar un orzamento municipal no que se priorizaron actuacións en obras públicas, en servizos sociais e en educación que benefician a tódalas parroquias á conta dos cartos que o alcalde quería utilizar para construír o seu "AUDITORIO de BASTIAGUEIRO", unha obra fastuosa de máis de dez millóns de euros que nos deixaría sen cartos para acometer outras obras necesarias para os veciños. Cumprimos co no noso programa electoral, chegamos a un acordo co goberno municipal para a aprobación

do Plan Xeral, asinámolos e para a súa aprobación tan solo falta que o alcalde cumpra o que asinou. Grazas a este acordo, no Plan Xeral corríxense as deficiencias técnicas que presentaban o documento; engadíranse medidas de carácter social, xa que esiximos que o 40% da edificabilidade no solo urbanizable se destine a vivenda protexida, para que tódolos veciños teñan acceso a unha vivenda digna e para que os nosos fillos non teñan que irse a vivir a outros concellos; aumentamos a superficie destinada a solo industrial e hoteleiro para crear novos postos de traballo; e atendemos alegacións dos veciños que resultou posible no marco da legalidade. Na www.oleiros.net pódense consultar estas propostas.

Un novo Regulamento Orgánico Municipal que favorece a transparencia e a participación democrática de todas as forzas políticas con representación no concello foi

aprobado por esixencia do Grupo Socialista, quen tamén impulsou un novo Regulamento do O.A.M.C., boicoteado ata esta data polo alcalde pese a comprometer públicamente no pleno de investidura a súa aprobación, incumprimento que o Grupo Socialista non vai tolerar.

En contraposición coa política de confrontación do Goberno de Alternativa e fronte á estratexia obstrucionista do Partido Popular, grazas á vontade e a capacidade que ten o Grupo Municipal Socialista para relacionarse coas demais administracións, hoxe están en marcha proxectos da Xunta de Galicia como a Vía Artabra, a variante de Oleiros, o novo acceso ó Porto de Lorbé, a Glorieta de Abeleiras, etc, a maior inversión da Xunta na historia en Oleiros, máis de 84 millóns de euros, que van cambiar substancialmente as comunicacións no Concello; o novo Centro de recuperación

de Fauna Salvaxe da Consellería de Medio Ambiente xa está operativo e o novo Centro de Saúde de Oleiros estará funcionando en 6 meses. Estas son realidades que a nosa portavoz, Covadonga Díaz, foi capaz de impulsar na Xunta de Galicia para que hoxe sexan obras licitadas ou en execución

Estas realidades destapan as mentiras do alcalde, quen anunciaba, no período electoral, que non se podían realizar as obras citadas sen a aprobación do Plan Xeral (ver o número 24 de Vivir en Oleiros). Ademais o Goberno de España está a construír o novo Cuartel da Garda Civil en Oleiros e ten previsto seguir mellorando a N-VI cos novos enlaces a distinto nivel en Perillo (Sol y Mar) e no Carballo. O Grupo Municipal Socialista seguirá na liña de oposición responsable e utilizará toda a súa capacidade na defensa dos intereses dos veciños.



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

NO PLAN XERAL A DEMOCRACIA É TRANSPARENCIA

O documento máis importante que ten de aprobar o Concello de Oleiros en relación coas próximas lexislaturas é o Plan Xeral de Ordenación Municipal, que se debe adaptar á nova situación de crise económica, o necesario impulso da vivenda

protexida, ao potenciamento do transporte público e das comunicacións, a ampliación do solo industrial, e a aposta por unha industria turística de calidade. Calquera modificación acordada após a aprobación do documento inicial debe

ser coñecida polos veciños e veciñas mediante a exposición pública das mudanzas realizadas, coa posibilidade de seren feitas alegacións. Actitudes ocultistas e faltas de transparencia do goberno e de quen o apoia evidencian acordos vergoñentos realizados con

“premeditación, aleivosía e nocturnidade”. Os veciños e veciñas poderán contar co BNG para coñeceren as modificacións que o goberno e o PSOE pretenden ocultarles, porque no Plan Xeral a transparencia é democracia.

O MANTEMENTO DAS TRES ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS CUSTOU 924.100 EUROS O PASADO ANO

■ O Concello financiou o 47% do importe total dos centros educativos A Pardela, As Galeras e A Canteira, adicados aos nenos de entre 0 e 3 anos.



◆ O Concello de Oleiros e a Consellería de Benestar Social asinaron o pasado 28 de xullo un convenio a través do que a Administración autonómica, mediante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, integra as escolas oleirenses A Pardela e As Galeras na Rede Galega de Escolas Infantís. Ademais, o centro educativo A Canteira, a terceira escola infantil municipal, integrárase neste consorcio a partir do próximo curso 2009-2010.

Con este acordo, o Concello accede a un novo sistema de axudas para o funcionamento destes centros e o seu financiamento cambia. Deste modo, a Xunta asume o 40% dos gastos, o Concello costeará un 30%,

e os pais dos alumnos pagarán o 30% restante. Co anterior sistema de financiamento, o Concello soportaba case o 47% do mantemento total, os pais dos alumnos 35% e a Consellería subvencionaba o 18%.

Ademais, mediante o convenio, o Concello logra que se recoñeza unha débeda de aproximadamente 300.000 euros que a Xunta tiña pendente co Concello desde o exercicio 2007. Oleiros pasou a integrarse no Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar en marzo dese ano e tivo que adiantar os 300.000 euros para completar o financiamento das escolas e garantir a calidade do servizo.



Que cambiará nas escolas?

◆ O convenio asinado entre o Goberno local e a Xunta de Galicia non alterará o funcionamento das escolas que pasan a integrarse no consorcio. O persoal docente e o resto de empregados das escolas será o mesmo que o Concello contratara.

Que sucederá co transporte?

◆ Non deixará de prestarse o servizo de transporte. Este se manterá igual para os usuarios coa salvidade de que será unha única empresa a que preste este servizo en vez das tres contratadas que tiña cada unha das entidades que xestionaban as escolas.

O FINANCIAMENTO:

ANTES

Xunta de Galicia..... 18%
Concello..... 47%
Pais de alumnos..... 35%

AGORA

Xunta de Galicia..... 40%
Concello..... 30%
Pais de alumnos..... 30%

OLEIROS APOSTA POR REFORZAR O TRANSPORTE PÚBLICO ▼

■ O transporte público é unha prioridade para o Goberno local de Oleiros. O Concello aposta por reforzar o transporte municipal e mellorará os servizos que existen na actualidade. A liña de autobús, que parte da localidade de Lorbé e comunica co resto do municipio, ten unha valoración positiva entre os oleirenses e incrementa o número de usuarios cada ano. Por este motivo, o Concello potenciará o servizo ao ampliar o seu funcionamento o sábado pola mañá e incrementará o número de percorridos.



NOVOS ITINERARIOS

◆ O Goberno local de Oleiros solicitoulle á Xunta de Galicia a autorización para crear dous novos itinerarios que completen aos actuais. Un terá a súa orixe en Iñás e comunicará o municipio coa Coruña, o outro reforzará a actual liña que parte de Oleiros e termina na cidade herculina. Ambos servizos funcionarían de luns a venres cun total de 16 expedicións de ida e outras tantas de regreso.

■ **Itinerario 1:** Glorieta Pazo de Arenaza (Iñás), Cobada-Oleiros (cruzamento), Miraflores (piscina), A Cruz, Cristo Rey, N-VI (O Carballo), N-VI (Mesón da Auga), N-VI (Fortaleza), N-VI (Raqueta), N-VI (Graxal), O Seixo (Raxaría), Beiramar, N-VI (Christian de Jaba), Bodegas P., Perillo (parada de taxis), Pasaxe (parada de bus), Montserrat, Materno, Residencia, Os Castros, Gaiteira, Estación de Autobuses. **Lonxitude total: 13,2 km.**

■ **Itinerario 2:** Oleiros (Policía Local), A Pezoca (gasolineira), Os Regos, As Pedreiras, Residencia Agarimo, Lamastelle, Montrove (Limoeiros), Montrove (Teleclub), Montrove (contedor), Solana, Lucín, N-VI (Christian de Jaba), Bodegas P., Perillo (parada de taxis), Pasaxe (parada de bus), Montserrat, Materno, Residencia, Os Castros, Gaiteira, Estación de Autobuses. **Lonxitude total: 11,8 km.**

Coa posta en marcha destes novos itinerarios e cos servizos existentes, Oleiros contaría coas seguintes combinacións:

- **1. A Coruña-Montrove-Oleiros:** realizarase un servizo cada media hora nas dúas direccións.
- **2. A Coruña-San Pedro-Oleiros:** realizaríanse dous servizos cada hora en ambos sentidos.
- **3. Oleiros-A Coruña-Oleiros:** realizaríanse catro servizos cada hora de ida e outros catro de volta.

TRANSBORDOS

- Na parada do Hábitat (Santa Cristina), existe a posibilidade de transbordar para Santa Cruz, con servizos cada vinte minutos e para Sada, con servizos cada hora.
- En Oleiros pódese transbordar con servizos para Sada cada hora e para Santa Cruz, Mera e Lorbé cada dúas horas.

◆ Co establecemento destas novas liñas e a posibilidade dos transbordos, na práctica darase servizo a todo o Concello de Oleiros. O Goberno local encóntrase á espera de que a Xunta autorice aos concesionarios de transporte os horarios e os itinerarios propostos para comezar a instaurar o servizo. Ademais, o Concello de Oleiros solicita á Xunta que se implique no financiamento das liñas intermunicipais dado que o transporte é unha competencia de carácter autonómico. Outra das reclamacións é a implantación do billete único.

70 NOVAS FAMILIAS OLEIRENSES TERÁN ACCESO A UNHA VIVENDA PROTEXIDA ▼



■ Recreación do novo edificio que se construírá en Santa Cruz

■ *A venda de solo municipal destinado á construción de vivendas de protección oficial permitirá que moitas familias oleirenses teñan acceso a unha nova vivenda. A venda de dúas parcelas, unha en Liáns e outra en Oleiros, posibilita a construción de 70 novos pisos localizados en inmejorables sitios dentro dos cascos urbanos de Santa Cruz e Santa María de Oleiros. En ambos casos, e para evitar que a nova política da Xunta permitise que as vivendas fosen adjudicadas a persoas doutros municipios a través da listaxe única da Consellería de Vivenda, o Concello optou por poñer en práctica a segunda opción que contempla esta lei e puxo en marcha dúas cooperativas integradas unicamente por veciños e veciñas de Oleiros. Os integrantes destas cooperativas serán quen promovan as súas propias vivendas. Unha vez máis o noso municipio dá exemplo de como se pode conxugar os intereses de diversos veciños nun proxecto común que os dotará dun ben tan prezado como é a vivenda.*

Como serán as novas vivendas e onde estarán situadas?

◆ Os novos edificios construíranse en dúas parcelas situadas nas parroquias de Oleiros e Liáns. A primeira ten unha superficie de 1.012 metros cadrados e atópase na Pezoca, preto da Casa do Concello. A segunda parcela mide 2.619 metros cadrados e sitúase nas inmediacións da igrexa nova de Santa Cruz, en Liáns. Ambas parcelas foron cedidas obrigatoriamente ao Concello a través da xestión urbanística municipal.

Construíranse tres tipos de vivendas diferentes. As máis pequenas, dunha soa habitación, medirán 46 metros cadrados. As intermedias, con dous dormitorios, oscilan entre os 66 e 73 m², e as máis grandes medirán 90 m² e contarán con 3 habitacións. Os prezos dos novos pisos oscilan entre os 79.923 euros que custan as máis pequenas e os 132.619 euros que custan as máis grandes. Todas as vivendas contarán cun rochos e dúas prazas de garaxe.



■ Vista en 3D do aspecto da nova vivenda protexida edificada en Santa María de Oleiros.



SE TES CAN, TES OBRIGAS

▶ é polo ben de todos respecta as normas

...as bolsas son para usar!

OLEIROS, XERANDO EMPREGO ▼

■ *O compromiso do Goberno local co desenvolvemento económico en Oleiros non só se limita á creación e á xestión dun espazo óptimo para o desenvolvemento empresarial como é o polígono de Iñás. Ademais, desde o Concello incentívanse as empresas a que se muden ao municipio e coláborase para que os novos empregados sexan veciños oleirenses. O centro de Formación Isaac Díaz Pardo xestiona as contratacións para as novas empresas do polígono e xa contactou con máis de 2.000 demandantes que optan a un novo posto de traballo en plena crise económica. Preto de 40 veciños xa foron contratados. O proceso continúa, xa esta asegurada a presenza de 30 novas empresas que garanten máis de 500 postos de traballo.*

AKI

O Centro de Formación «Isaac Díaz Pardo» contactou con 590 persoas para informalas dos distintos procesos abertos para cubrir postos vacantes en AKI BRICOLAJE. Desde o Servizo Municipal de Emprego de Oleiros remitíronse os currículos de 456 usuarios que manifestaron o seu interese en participar na selección de:

- responsable de caixeiros (9 currículos enviados)
- caixeiro principal (18 currículos)
- caixeiro 12 horas / 30 horas (84 currículos)
- vendedor (163 currículos)
- responsable de almacén (22 currículos)
- mozo de almacén / montaxe en tenda (160 currículos)

Foron 10 os usuarios do Centro de Formación de Oleiros que foron contratados para traballar en AKI: 1 responsable de almacén, 3 vendedores polivalentes, 6 mozos de montaxe en tenda.

- **LIDL:** Este establecemento necesita contratar un total de 8 caixeiros/provedores. Hai varios días que o Centro de Formación comezou a seleccionar os candidatos con perfís axeitados.
- **SUPERCOR:** Esta empresa necesita cubrir postos de caixeiro, dependente de produtos frescos, e persoal de carnicaría, peixaría e chacinaría. Desde que se iniciou este proceso o pasado 4 de agosto e ata este momento foron informados máis de 450 demandantes inscritos no Servizo Municipal de Emprego. Máis de 130 persoas cubriron o formulario de emprego para participar no proceso selectivo.

KIABI


Desde o Centro de Formación do Concello fixéronse 176 chamadas a usuarios interesados en postos como o de caixeiro de comercio ou dependente de téxtil para cubrir as vacantes desta tenda. Remitíronse os datos de 114 demandantes que mostraron interese por participar no proceso de selección. Dos 18 postos vacantes, 11 foron cubertos con persoas inscritas no Centro de Formación.

ADEMAIS... CONTINUÁN AS XESTIÓNS

Nestes momentos, o Isaac Díaz Pardo está a xestionar a contratación de persoal para varias empresas que se aloxarán no polígono:

RADIOGRAFÍA DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE IÑÁS

SUPERFICIE ÁMBITO: 396.916 m²



APOIO ÁS EMPRESAS LOCAIS

O Concello reserva 8.145 metros cadrados de solo industrial para ofertar ás empresas locais que queiran cambiar a súa situación desde os núcleos do Concello á nova zona industrial de Iñás. En total 17 parcelas de 400 m². A iniciativa permite que os pequenos empresarios contan coa oportunidade de dinamizar os seus negocios cunha nova situación estratéxica e cunhas novas instalacións que lles permita medrar. Se as parcelas non son cubertas por empresarios oleirenses serán ofertadas a xente de fóra do municipio.

Dentro da nave anterior de Bouygues, estanse a tramitar os seguintes locais:

- Aky Bricolage España S.L..... Bricolaxe
- Bouygues Inmobiliaria,S.A. Bricolaxe
- Bouygues Inmobiliaria,S.A. Mobiliario
- Supercor, S.A. Supermercado
- Feu Vert, S.L. Taller automóviles
- Bricoking, S.L. Bricolaxe
- Kiabi España KSCE, S.A. Equipos de seguridade
- Visionlab, S.A. Óptica
- Casa Piocheur Spain, S.A. Artigos fogar e agasallo
- Merkal Calzados, S.A. Zapatería

Xa está ocupado o 43% do solo

ACTOS VANDÁLICOS ▼



■ *Lamentablemente as persoas incívicas existen en todas as sociedades. Un minúsculo grupo de individuos, que non supera o 0,01% dos habitantes do Concello, atentan en ocasións contra o patrimonio público e privado do noso municipio. O goberno local, á vista dos incidentes ocorridos ao longo dos últimos meses, optou por tomar medidas contra aqueles que rompen farois, sinais de tráfico, aspersores, bancos, papeleiras... Ademais destes ataques contra o mobiliario público tamén se perseguirán accións como as pintadas en edificios ou o maltrato de árbores.*

Como son os infractores?

◆ O seguimento destes feitos e a localización dos infractores nalgún destes casos conducen a clasificalos de distinto modo: nun son simplemente mozos, nalgúns casos adolescentes aínda menores de idade, e que incitados polo consumo de alcohol actúan de forma imprudente e temeraria. Noutros casos trátase de adultos con certa actitude violenta que mesturan actuacións políticas co desarraigo social. Existe un terceiro perfil de infractores, trátase de persoas que dispoñen dos espazos públicos á súa vontade e atentan contra eles amparados nos seus propios intereses particulares.

Que fará o Concello?

◆ O Concello, ademais de tomar as medidas correspondentes contra tales actos, como o envío de informes á Fiscalía e aos xulgados, incrementará, particularmente no caso da mocidade, as políticas sociais e de convivencia. Tratará de achegar máis información e máis apoio a familias con desarraigo. Para iso solicita a colaboración dos centros educativos do municipio e das distintas asociacións veciñais.



Como podo axudar?

◆ Se observamos ou temos coñecemento de que se produciu un acto vandálico na nosa zona debemos poñernos en contacto coas autoridades, para iso o Concello dispón dun teléfono que está en funcionamento 24 horas ao día (981 610 001).

**As pintadas,
os destrozos no mobiliario,
a degradación da paisaxe,
as agresións ambientais...**

**SON RESPONSABILIDADE
DUNS POUCOS**



**Os parques, as prazas,
as rúas, as praias,
o concello...**

É PATRIMONIO DE TODOS

POR UNHA MOCIDADE SOLIDARIA ▼

■ O Goberno Local, por quinto ano consecutivo, pon en funcionamento ao longo deste curso, en todos os centros de ensino secundario do Concello de Oleiros o programa de Educación para o Desenvolvemento «Oleiros Solidario». O obxectivo desta iniciativa é ofrecer ao alumnado unha formación na que traballen todos aqueles valores que teñen que ver co concepto da «solidariedade», tratando de conciencialos de que todos os cidadáns, como membros dunha sociedade activa, temos unha responsabilidade con esta e que podemos comezar pola implicación nos asuntos de carácter local, favorecendo, polo tanto, ao desenvolvemento da nosa propia comunidade.

◆ As políticas de cooperación para o desenvolvemento orientadas a unha superación real da pobreza precisan iniciativas de promoción da solidariedade. É imposible acometer accións que propicien o desenvolvemento dos pobos sen un cambio previo de actitudes e valores que garantan a consolidación e a sustentabilidade das ditas actuacións.

«Oleiros Solidario» nace para informar mellor sobre as razóns da pobreza ou dos conflitos, para implicar o alumnado do municipio en accións de transformación a favor do desenvolvemento humano. Este traballo é complexo xa que implica concienciar ou facer participar á xente en cuestións que lles parecen afastadas. Pero, de nada serve facer esforzos para cambiar o sur, se non se modifica o norte que é onde se atopa a orixe dos desequilibrios.

Este programa ofrece a cada alumno e a cada alumna as claves do seu propio desenvolvemento dentro da súa propia comunidade e permítelles relacionar os contidos académicos coa formación persoal para que cada rapaz teña a posibilidade de participar no desenvolvemento do seu contorno e comprender os vínculos entre a realidade global e a local.



■ Un grupo de mozas, nas inmediacións do Castelo de Santa Cruz durante unha das actividades do programa «Oleiros solidario».



■ O ACTO DE CLAUSURA

◆ Ao finalizar o programa do curso pasado, realizouse un acto de clausura no Castelo de Santa Cruz. Un dos momentos máis destacados foi cando se proxectou as curtametraxes gañadoras do concurso de guións no que participan os alumnos dos cursos de 4º da ESO e 1º de bacharelato. Tamén houbo actuacións musicais protagonizadas por mozos do concello.

■ AS ACTIVIDADES ▼

■ **1º e 2º da ESO.** Obradoiro de sensibilización sobre a acción voluntaria, o asociacionismo e a cooperación internacional. Traballárase co alumnado a través de dinámicas activas, participativas e creativas, conceptos de base, nos que se promove entre eles a cooperación e as actitudes solidarias, o coñecemento do seu contorno e da súa realidade. Ademais das sesións formativas reciben a visita dunha persoa relacionada co sector da cooperación internacional para o desenvolvemento.

■ **3º da ESO.** Xornal Solidario. Perséguese unha introdución na cooperación internacional para o desenvolvemento. O alumnado traballa na elaboración dun xornal que versa sobre a erradicación da pobreza extrema e a fame no mundo, primeiro obxectivo do milenio das Nacións Unidas.

■ **4º da ESO e 1º de bacharelato.** Dialogando co sur. Os rapaces e as rapazas elaboran curtametraxes sobre indixenismo, poboación refuxiada (saharauís) e territorios en conflito (Palestina). Perséguese fomentar o coñecemento sobre a actual situación de vulnerabilidade dos dereitos de determinados grupos humanos, e que se exemplifican en tres países con realidades moi concretas diferentes entre si: infancia en Palestina, refuxiados en Sahara occidental e indixenas en América latina. Para coñecer as realidades destes países os alumnos reciben a visita de tres persoas orixinarias de cada un destes pobos que lles falan persoalmente da problemática que están a vivir. Coas historias que recolle o alumnado elaboran un guión dunha curtametraxe para a súa posterior produción.



OLEIROS, COMPROMETIDO COS NOSOS MAIORES

■ O Concello de Oleiros, dentro do seu programa de políticas sociais, preocúpase polo benestar da poboación de maior idade. Os nosos maiores son unha prioridade. Neste senso desde o Goberno Local lévanse a cabo varios programas que contribúen a mellorar

a calidade de vida deste sector da poboación. As excursións, o sendeirismo ou as actividades físicas do Programa 60+ axudan a mellorar a calidade de vida e fomentan as relacións sociais.

VEN E DESCUBRE 08

Programa de excursionismo e sendeirismo para persoas maiores ▼

◆ O Programa **VEN E DESCUBRE** desenvólvese a través dos Servizos Sociais municipais dentro do programa de Animación e Cooperación Social. O obxectivo desta iniciativa é favorecer a que as persoas maiores gocen do seu tempo á vez que realizan unha actividade de ocio saudable.

Neste programa ofrécense rutas adaptadas ao colectivo de persoas maiores en dous formatos diferentes: a través de excursións en autobús, con grupos de 100 persoas que realizan pequenos itinerarios culturais repartidos en subgrupos, e rutas de sendeirismo, no que participan grupos de 40 persoas.

As rutas desenvólvense entre os meses de abril e setembro. No mes pasado leváronse a cabo as tres últimas rutas de senderismo polo concello de Covelo. Este ano realizáronse 21 excursións e 12 saídas de sendeirismo. En total participaron 786 maiores do concello. A participación é totalmente gratuíta e os requisitos esixidos son ter cumpridos os 60 anos e estar empadroado en Oleiros.

Nos itinerarios programados realizáronse diferentes actividades: visitas a museos e centros de interpretación, itinerarios guiados por centros históricos, rutas culturais, rutas naturais, visitas a centros laborais, rutas de sendeirismo. Ademais, estas actividades favorecen a relación entre compañeiros e ofrecen a posibilidade de poder practicar unha actividade física con seguridade que mellora o estado de saúde.



ITINERARIOS

Excursionismo



● OURENSE TERRA DE AUGAS TERMAIS

A AUGA, FONTE DE ENERXÍA E SAÚDE. Nesta ruta pola cidade de Ourense e por outras vilas próximas os veciños coñeceron a relación desta terra coas augas termais. Visitáronse As Burgas, realizouse un itinerario interpretativo polo casco histórico e visitouse a vila de Allariz.

● RUTA DO MAR DE VIGO

MAR, FONTE DE VIDA. Esta ruta xirou sobre o coñecemento dos recursos mariños como fonte de riqueza e a súa relación coas vilas de Vigo e Baiona. Os participantes fixeron visitas interpretativas polo Museo do Mar de Vigo e por Baiona.

● CORRUBEDO E O BARBANZA

ECOSISTEMA LITORAL. Corrubedo conforma un complexo húmido de grande importancia na comarca do Barbanza e conta con importantísimos vestixios arqueolóxicos que axudarán a coñecer a relación do home co medio natural. Os veciños visitaron o centro de interpretación de Corrubedo e deron un paseo polo contorno da marisma e a gran duna. Ademais visitouse a vila de Porto do Son e Noia.


Sendeirismo

● **CAMIÑOS DE OLEIROS.** Esta ruta polos camiños de Oleiros, axúdanos a coñecer o lugar onde vivimos. Realizouse unha ruta desde a ría ata Oleiros, a través de tramos costeiros do parque "As Galeras" en Sta. Cruz e as fragas do Bañil e o Pazo de Xaz.

● **RUTA POLA VÍA VERDE.** O itinerario transcorreu pola "Vía verde do Eo", ruta que discorre pola antiga vía do tren mineiro entre a Pontenova e Ribadeo seguindo as ribeiras do río Eo.

● **RUTA DE BALDAIO.** Desde Caión ata Baldaio, seguindo a costa ata a Lagoa, a marisma e o complexo dunar de Baldaio.

● **RUTA DE COVELO.** Esta ruta que se realizou no mes de setembro visitou o concello de Covelo no interior da provincia de Pontevedra, a ruta que sigue o leito do río Tea ofrece a posibilidade de coñecer a fondo diferentes construcións hidráulicas: muíños, aserradeiros. A segunda parte da ruta seguirá por terras de Mondariz, onde o río Tea conta con numerosas fontes termais.



PROGRAMA 60+ ▼

◆ O pasado setembro comezou o novo curso do programa 60+, dirixido ás persoas maiores do municipio. Este conxunto de actividades, que levan a cabo os Servizos Sociais municipais, teñen como obxectivo contribuír a que os nosos maiores conserven a súa saúde e vitalidade, e que deste xeito manteñan a súa calidade de vida. Neste programa desenvólvese o proxecto de actividades físicas e taller de memoria.

No primeiro semestre do ano, un total de 452 veciños de Oleiros participaron no proxecto de actividades físicas e taller de memoria. Estes programas desenvolven actividades que permiten aos maiores conservar a saúde física, social e psicolóxica. Ademais potencian o descubrimento e a aprendizaxe.

As clases lévanse a cabo a través de 24 grupos que traballan especialidades como a ximnasia, ioga e relaxación, natación ou taller de memoria. O único requisito é ser maior de 60 anos e estar empadroadado en Oleiros. Os lugares e horarios son os seguintes:

■ *Ximnasia*

- **CASA DA CULTURA DE PERILLO**, martes e xoves ás 17:00
- **CASA DA REPÚBLICA DE OLEIROS**, martes e xoves ás 16:30
- **CENTRO CÍVICO DE SANTA CRUZ**, mércores e venres ás 17:15
- **CASA DO POBO DE NOS**, martes e xoves ás 18:15
- **CASA DO POBO MERA**, luns ás 18:00 e venres ás 19:15
- **CASA DO POBO DE IÑÁS**, martes e xoves ás 17:15
- **CASA DO POBO DE LORBE**, luns ás 17:00 e venres ás 18:15
- **CASA DO POBO DE DORNEDA**, mércores e venres ás 16:15
- **CENTRO SOCIAL DE MONTROVE**, martes e xoves ás 18:15

■ *Ioga e relaxación*

- **CASA DA CULTURA DE PERILLO**, venres ás 17:00
- **CASA DO POBO DE NÓS**, mércores ás 17:00
- **CASA DO POBO DE MERA**, xoves ás 17:00
- **CASA DO POBO DE DORNEDA**, luns ás 17:00

■ *Taller de memoria*

- **CASA DA CULTURA DE PERILLO**, luns ás 16:15
- **CENTRO SOCIAL DE MONTROVE**, luns ás 18:30
- **CENTRO SOCIAL DE STA. CRUZ**, martes ás 16:30
- **CASA DO POBO DE DEXO**, xoves ás 16:30
- **CASA DA CULTURA DE IÑÁS**, venres ás 17:00
- **CASA DO MAR DE MERA**, mércores ás 17:00



■ *Natación*

- **MARTES E VENRES ás 12:00**
- **MARTES E VENRES ás 11:00** (autobús por Dexo, Lorbe e Mera)
- **MARTES E XOVES ás 10:00**
- **LUNS E XOVES ás 11:00** (autobús por Oleiros, Nós, Iñás)
- **LUNS E XOVES ás 12:00** (autobús por Dorneda e Santa Cruz)

A CASA DO ARXENTINO, UN NOVO ESPAZO DE OCIO TURÍSTICO



◆ A Casa do Arxentino, unha xoia da arquitectura situada no centro de Mera e de titularidade municipal, foi recentemente aberta ao público convertida nun espazo adicado ao ocio turístico. Esta construción do século XIX, que conta con elementos arquitectónicos típicos do historicismo e cuxa orixe se sitúa baixo a influencia andaluza e portuguesa é agora un pequeno hotel con encanto. Conta con diversos espazos adicados ao descanzo e á restauración.



OLEIROS COA CULTURA ▼

■ O Concello de Oleiros conta cunha ampla programación para outono-inverno. O obxectivo é que os veciños e as veciñas do municipio gocen dunha completa oferta cultural. No programa que vén desenvolvéndose desde o mes pasado e que durará ata finais de ano inclúese o teatro a danza e os espectáculos musicais. Unha das prioridades da Concellería de Cultura á hora de confeccionar este conxunto de actividades foi que englobasen as preferencias de todos os públicos oleirenses. O goberno local fai unha clara aposta pola cultura, a través da cal espera cooperar no desenvolvemento humano dos nosos veciños para seguir construíndo un Oleiros para vivir. Ademais dos programas teatrais, musicais e de danza, a oferta cultural para este outono complétase coa Festa do Mel, o obradoiro de olaría e con diversas exposicións na Casa Charry e no vestíbulo da Fábrica, onde os artistas oleirenses e de fóra do municipio amosan as súas creacións.



OBRADOIRO DE OLARÍA

◆ Ao longo deste mes retómase o obradoiro de olaría, curso que mostra as distintas técnicas e formas de tratar o barro. As clases impartiranse no alfar situado no parque das Torres, en Santa Cruz, os luns e os martes de 16:30 a 18:30 e de 18:30 a 20:30 horas.

Obxectivos:

O obradoiro pretende que os alumnos aprecien o feito artesán e o identifiquen cos valores culturais do Concello, que coñezan o proceso de creación dunha peza de barro (moldeado, cocción, pintura...) e os diferentes instrumentos de transformación do material.

Destinatarios:

Todos os interesados no mundo da olaría maiores de 18 anos.

«Endulzando a vida...»

XIX EDICIÓN DA FEIRA DO MEL

A "Feira do Mel" de Oleiros, que este ano cumpre a súa XIX edición, terá lugar o vindeiro día **2 de novembro**, domingo. Situarase na rúa, xusto diante do Mercado Municipal de Perillo, como nas pasadas edicións. O Concello invítavos a participar da festa, na que poderedes degustar de balde, pan, queixo e mel que vos ofrecerán os distintos expositores deste doce produto, ata vinte chegados de toda Galicia, así como gozar das distintas actuacións que terán lugar ao longo do día. Pola mañá contaremos coa presenza de grupos de baile e gaitas xunto cunha banda de música. Durante a tarde degustaremos un magosto e unha queimada popular amenizada por unha orquestra. Contaremos como sempre coa presenza de artesáns e animacións infantís para que os máis pequenos se divirtan e fagan actividades entretidas, e a Pulpeira de Melide instalará o seu posto para que poidades saborear tamén este produto.



**Programación de actividades
TEATRAIS E MUSICAIS en
colaboración coa DEPUTACIÓN
DA CORUÑA** (Elixe o teu espectáculo na páx. seguinte)

◆ O obxectivo deste programa é contribuír á difusión e á promoción da música, o folclore, o teatro e demais manifestacións artísticas da provincia. No programa inclúense fundamentalmente espectáculos teatrais e de danza. A temática é variada e as posibilidades de elección múltiples. Ademais, trátase de actividades destinadas para público de todas as idades. Os horarios foron confeccionados de xeito que se amoldasen ao espazo de ocio da fin de semana para que deste xeito os veciños de Oleiros poidan gozar de ocio cultural sen necesidade de abandonar o municipio. ▶

Elixo o teu día e o teu espectáculo ▼

● **Venres 24 de outubro ás 20:30 h**
Auditorio: "Gabriel García Márquez", Mera

Actuación da compañía de danza **Entrecaixas**
 Maiores de 12 anos

Entrecaixas é unha compañía de danza que nace na Coruña, no ano 2006 por iniciativa de Alba Vázquez, Laura Vera, Luis Castiñeira e Iván Villar coa intención de amosar a súa particular visión sobre o folclore galego. Partindo dunha base tradicional, deciden incorporar movementos actuais que dan lugar a un estilo onde a forza e a enerxía son o principal compoñente.

● **Sábado 1 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio: "Gabriel García Márquez", Mera

A compañía **Teatro do Atlántico** representa: **"A bombilla máxica"**
 Maiores de 12 anos

Autor: Woody Allen

Dirección: Xulio Lago

Xénero: comedia / **Duración:** 1h 45'

Sinopse: Unha inquietante paisaxe humana: o difícil mundo da adolescencia, mesturado co non menos difícil momento en que os homes ven aproximarse a súa decadencia física, o mundo da maxia e a dureza dunha degradada relación de parella.



● **Sábado 15 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio: "Gabriel García Márquez", Mera

A compañía **Teatro Galileo** representa:
"Náufragos"

Maiores de 12 anos


Autor: André Roussin

Dirección: Pedro Rubín

Reparto: César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos e Raúl Varo

Xénero: comedia / **Duración:** 1h 30'

Sinopse: A acción desenvólvese nunha illa deserta. As catro personaxes do espectáculo son levados alí por un naufragio. Todos agardan que os rescaten, mais vai pasando o tempo e deciden establecer novas regras de convivencia que van cuestionando as relacións sentimentais.



● **Sábado 22 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio: "Gabriel García Márquez", Mera

A compañía teatral **Lagarta Lagarta** representa: **"Aeroplanos"**

Maiores de 12 anos

Autor: Carlos Gorostiza

Dirección: Rosa Álvarez

Reparto: Ernesto Chao e X.M. Oliveira "PICO"

Xénero: comedia / **Duración:** 1h 30'

Sinopse: Aeroplanos é unha comedia de intriga, idealista, inxeniosa. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e a comedia é o lugar de todos os alivios posibles.



● **Sábado 29 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio: "Gabriel García Márquez", Mera

A compañía **Talía Teatro** representa:
"E ti, que vés sendo?"

Maiores de 12 anos

Autor: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Xénero: comedia

Duración: 1h e 20'

Sinopse: Qué pasaría se, de súpeto, alguén ocupase o teu lugar na vida? Pero non alguén en xeral, senón unha copia exacta de ti mesmo, que coñece ata os máis íntimos detalles da túa vida...



● **Sábado 6 de decembro ás 20:30 h**
Auditorio "Gabriel García Márquez", Mera

A compañía **Teatro do Atlántico** representa **"Unha primavera para Aldara"**, de Teresa Moure.

Dirección: Xulio Lago.

Reparto: María Bouzas, Susana Dans, María Barcala, Belén Constenla e Artur Trillo (*Coa colaboración de Caixanova*).

Actividades musicais ▼

● **Venres 31 de outubro ás 20:30 h**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo

BLUES VIVO AFROCUNCAS

Trío de blues posmoderno formado no 1998 e composto polo mozambiqueño Elías Xassamo, Xulián Freire e David Prieto.

● **Venres 7 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo

ASTOR PIAZZOLLA E O TANGO INTELLECTUAL

Versións para trío de cámara (violín, clarinete e piano) das obras do compositor arxentino Astor Piazzolla.

● **Venres 14 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo

TRIO SIBONEY

Trío de música cubana formado por Francisco, Geovani e Fidel que interpreta diferentes estilos de música latina.

● **Venres 21 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo

CARMEN DOR

Concerto de voz, piano e contrabaixo baseado en tres músicas, a do seu último disco "Dora Maar 74", a brasileira e a de versións de clásicos galegos.

● **Venres 28 de novembro ás 20:30 h**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo

PERCUSIÓN LATINA PRESTO VIVACE

Formación da Escola de Música Presto Vivace que interpreta ritmos cubanos, son, boleros, cha-cha-cha...



● **Xoves 4 de decembro ás 21 h**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo

Concerto dos uruguayos: Daniel Drexler e Paolo Latrónica

REVELA CONSÁGRASE NAS RÚAS ▼



◆ Un ano máis, o Foro Revela regresou a Oleiros este verán baixo o lema «A terra: economía, conflito e natureza». O evento fotográfico amosou máis de 250 obras pertencentes a numerosos fotógrafos de prestixio internacional. Desde o 4 de xullo e ata o pasado 27 de xullo, milleiros de persoas puideron contemplar as imaxes expostas nas zonas de Santa Cristina, Santa Cruz e a Lagoa de Mera. As rúas do municipio convertéronse nunha galería de arte ao aire libre onde todos os cidadáns contemplaron a realidade mundial contada polos fotorreporteiros máis destacados do momento.

Na exposición fotográfica baseada no conflito medioambiental estiveron presentes as obras de artistas coma a estadounidense Carolyn Drake, o belga Tim Sirven ou o holandés Chris Bode, ademais de Robert Wallis, Martín Roemers e Jocelyb Carlin.

Ademais da mostra fotográfica, en Revela 08 desenvolvéronse diferentes

conferencias e obradoiros de figuras de gran relevancia.

De forma paralela ás exposicións realizáronse conferencias. As charlas foron impartidas por algúns dos personaxes máis destacados na loita pola igualdade social no mundo. Profesionais como Salete Carollo, activista do Movemento sem Terra, Bernard Cassen un dos máis destacados ideólogos do movemento antiglobalización e Sydney Ferreira defensor dos dereitos das tribos indíxenas da Amazonia, foron os encargados de denunciar as inxustizas na nosa sociedade e de ofrecer posibles solucións para cambiar esta situación.

Ademais desenvolvéronse varios obradoiros, que correron a cargo de fotógrafos de referencia nacional coma Paco Elvira, Angel López Soto, Xurxo Lobato e Alfons Rodríguez e tamén por profesionais estranxeiros coma Erik Refner, Yann Mingard, ou o Grupo Argos.

OS PREMIADOS ▶

◆ O fotorreporteiro arxentino Walter Astrada foi o vencedor da bolsa de 12.000 coa que o certame premia á mellor idea de cara a realizar unha reportaxe que denuncie as inxustizas no mundo. Astrada, co seu proxecto «La violación como un arma de guerra en el este del Congo», gañador deste certame de fotorreportaxe. O segundo e o terceiro finalista foron respectivamente, o mexicano Arturo Ramos e o catalán Alfons Rodríguez, que foron obsequiados cun diploma e unha estatuíña.



REVELA NA ESCOLA ▼

◆ Os alumnos dos institutos Miraflores, Neira Vilas e María Casares, gañadores do concurso fotográfico REVELA NA ESCOLA organizado polo Concello de Oleiros, recibiron das mans do alcalde un premio consistente nunha viaxe a Asturias. Os premiados foron Patricia Villar Armesto, Irina Rivas Naveiro, Marta Fernández Carro, Blanca Marina Díez Pallín, Antía Blanco Espiñeira, Andrea Martínez Estévez, Miguel Álvarez Cabana, Raquel Carballeira Carrera e Daniel Hoyo Ramos.

CADRO EVENTOS DESTACADOS:

● Salete Carollo

«Movemento Sem Terra»

Expuxo a súa experiencia á fronte da Área de Proxectos Internacionais do Movemento Sem Terra ao que pertence, así como a súa participación en diversas mobilizacións de mulleres levadas a cabo en Brasil.



● Erik Refner

«Proxección con Erik Refner»


O danés falou do traballo que está a realizar na actualidade nalgúns das zonas máis desfavorecidas do planeta. Este fotógrafo foi o gañador do World Press Photo en 2001 entre outros galardóns.



● Bernard Cassen

«As insuperables contradicións entre o libre comercio e os imperativos ecolóxicos»


Cassen é un dos ideólogos máis relevantes do chamado movemento antiglobalización e foi directivo do diario francés *Le monde Diplomatic*.



● Sydney Ferreira

«Pobos Indíxenas e o Medio Ambiente»

O explorador brasileiro, activista social e un experto en sociedades indíxenas, narrou as súas experiencias cos pobos que aínda non teñen contacto coa nosa sociedade.



UN CONCELLO SOLIDARIO, UN MODELO DE CIVISMO E DE PARTICIPACIÓN

■ *Xa na década dos 80, o Concello de Oleiros apuntaba maneiras para converterse nun referente en toda Galicia e o resto do Estado español en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento, defendendo e levando adiante desde entón unha política dirixida a equilibrar a balanza das diferenzas entre os países do Norte e do Sur.*

◆ O goberno municipal considera importante levar adiante unha loita por defender os dereitos humanos dos pobos máis vulnerables e oprimidos e deste xeito, asumir a responsabilidade de incidir nos gobernos e na sociedade civil para propiciar un cambio de rumbo nas políticas globais.



MODALIDADES:

■ **Proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento.** Son moitas as ONG que reciben financiamento municipal para o desenvolvemento de distintos proxectos nos países do sur, tanto a través da cooperación directa (ONG con domicilio social nos países subdesenvolvidos) como a través da cooperación indirecta (organismos con domicilio social no Estado español en coordinación con parceiros do sur).

■ **Acción humanitaria.** O Concello de Oleiros levou e leva a cabo ao longo de todos estes anos numerosas accións de axuda orientadas a aliviar o sufrimento, garantir a subsistencia, protexer os dereitos fundamentais e defender a dignidade de poboacións oprimidas e en situación de vulnerabilidade.

■ **Sensibilización.** Pretendendo lograr unha maior sensibilidade cara aos problemas do sur, o Concello de Oleiros promove un sen fin de actividades co fin de acadar o apoio da cidadanía do norte na loita pola erradicación da pobreza.

POSIBLE LIÑA DE COOPERACIÓN CON PALESTINA

◆ Un grupo de 9 nenos palestinos visitaron o Concello de Oleiros durante o pasado verán. Os rapaces, que se encontraban gozando dunhas vacacións en España, viven no campo de refuxiados de Askar, na localidade cixordana de Nablus, un dos enclaves de maior risco na loita entre Israel e Palestina. Este asentamento palestino concentra a máis de 12.000 refuxiados en apenas 6 quilómetros cadrados. Askar, con máis de 60 anos de historia, é un dos primeiros campos de refuxiados que xurdiron tras a creación do estado hebreo en 1947. A elevada presenza de tropas israelís fai

especialmente dura a vida cotiá destes rapaces, que ven diminuída a súa mobilidade e o seu desenvolvemento persoal dentro dos muros do campamento, ademais dos continuos episodios de violencia.

A difícil situación destes rapaces e do pobo palestino en xeral, xunto co compromiso do Concello de Oleiros cos pobos desfavorecidos abriu a posibilidade dunha nova liña de cooperación internacional. García Seoane invitou á Delegación palestina a presentar un proxecto de cooperación para mellorar a vida neste campamento de refuxiados.

NENOS SAHARAUÍS, VACACIÓNS EN PAZ

◆ Hai 15 anos o Concello de Oleiros convertíase no primeiro municipio de Galicia en participar no programa Vacacións en Paz acollendo durante os meses de verán un total de 30 rapaces e rapazas saharauís refuxiados nos campamentos alxerinos de Tindouf. Desde entón, Oleiros vén participando neste programa ano tras ano, pero o máis importante e que nese momento conseguiu espertar a conciencia doutros axentes locais que se sumaron á iniciativa e agora son moitos os concellos, deputacións e outras institucións as que participan no programa.

O CONCELLO FAI UN ENVÍO DE MILES DE ZAPATOS A AMÉRICA E ÁFRICA

◆ O alcalde de Oleiros recibiu a visita do alcalde dun municipio rural e moi pobre situado no Salvador e despois das conversas que mantiveron e motivado por unha gran conciencia social e solidaria Ángel García Seoane asume o compromiso de enviar a este municipio salvadoreño miles de zapatos que foron doados ao Concello de Oleiros. Por outra banda, enviáronse miles de zapatos e material docente a Cuba e a outros países de América e África. Esta donación faise coa colaboración do «Club de los Leones» e de negocios da zona.

OLEIROS PONSE EN FORMA ▼

■ *O Concello de Oleiros, coñecedor da problemática social que supoñen os ascendentes índices de obesidade infantil e xuvenil, do sedentarismo e das dificultades que ás veces atopa a nosa mocidade para realizar actividades físicas e deportivas dun xeito regular, pon en marcha por segundo ano consecutivo as Escolas Deportivas Municipais dirixidas a rapaces e rapazas de entre 12 e 17 anos.*

◆ *Os eixos básicos do modelo educativo que propoñemos no «deporte en idade escolar» é o seguinte:*

- Destacar na práctica diaria o factor lúdico. A diversión debe ser prioritaria para crear afección e gusto pola actividade físico-deportiva.
- Educar os alumnos na adquisición de hábitos saudábeis.
- Aproveitar os valores que transmite o deporte, o desenvolvemento das capacidades físicas e motrices, a disposición ao esforzo persoal e ás capacidades sociais, o traballo en equipo, a solidariedade, a tolerancia e o xogo limpo.
- Gozar da competición interna como elemento educativo dinamizador e motivante para unha práctica deportiva integradora, non excluínte, cooperativa e participativa.
- Coñecer a técnica e a táctica dos deportes elixidos.



▼ *En cantos deportes podo participar?*

Cada alumno poderá inscribirse nun máximo de tres deportes, sempre que estes sexan compatibles en horarios.

▼ *Onde podو inscribirme?*

Na conserxería do correspondente centro de ensino ou na conserxería do Centro Municipal da Fábrica.

▼ *Que documentación necesito para inscribirme?*

Deberá cubrirse unha ficha de inscrición coa autorización paterna e a orde de domiciliación bancaria co correspondente número de conta.

▼ *Como teño que pagar?*

O sistema de pago será por domiciliación bancaria.

▼ *E se quero darme de baixa?*

Para darse de baixa no programa deberase presentar unha solicitude e entregala na conserxería do Centro Municipal A Fábrica, antes do día 20 do mes anterior ao que se desexa causar baixa.

▼ *Ademais...*

Facilitarase o servizo de transporte desde distintos puntos do concello á piscina do INEF Galicia para realizar a actividade de natación.

O programa de actividades das escolas deportivas municipais terán lugar nos polideportivos municipais de Oleiros e de Bastiagueiro, así como na piscinas do INEF de Galicia, desde o 15 de outubro ao 30 de maio ▼

	Instalación	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1º, 2º e 3 da ESO						
BALONCESTO	P.M. Bastiagueiro		18:30 h		18:30 h	
FÚTBOL SALA	P.M. Bastiagueiro			17:30 h		17:30 h
BÁDMITON	P.M. Bastiagueiro			18:30 h		
BALONMÁN	P.M. Perillo	18:30 h			18:30 h	
NATACIÓN	Piscina Inef	18:30 h		17:30 h		17:00 h
4º ESO e BACHARELATO						
BALONCESTO	P.M. Bastiagueiro		18:30 h			
FÚTBOL SALA	P.M. Bastiagueiro			17:30 h	18:30 h	
BÁDMINTON	P.M. Bastiagueiro	18:30 h		18:30 h	16:30 h	17:30 h
BALONMÁN	P.M. Perillo	18:30 h				
BODY-BOARD	Nautico Bastiagueiro			16:30 h		16:30 h
NATACIÓN	Piscina Inef			17:30 h		17:30 h

Táboa de prezos públicos

■ Un deporte:
empadroados 5 €/mes
non empadroados 22 €/mes

■ Dous deportes:
empadroados 10 €/mes
non empadroados 44 €/mes

■ Tres deportes:
empadroados 15 €/mes
non empadroados 66 €/mes

Observación: A pesar da coincidencia horaria dos distintos cursos, cada grupo de cursos (1º, 2º e 3º da ESO, por outra parte 4º da ESO e bacharelato, poderán dispor de profesores diferentes). En body-board deberase escoller dous días dos tres posibles

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 61 47 84
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. O Vilar / Nós	981 664 257
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. As Galeras / Bastiaqueiro	981 648 446
E. Inf. A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiaqueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	14 outubro / 13 novembro / 12 decembro
Mingua	21 outubro / 19 novembro / 19 decembro
Nova	28 outubro / 27 novembro / 27 decembro
Medra	7 outubro / 6 novembro / 5 decembro

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

En Oleiros TAXI a domicilio tamén no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristobó **981 153 338**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6,45 ■ 6,55 ■ 7,10 ■ 7,25 ■ 7,35 ■ 7,45 a 21 cada 15' ■ 21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10 ■ 7,40 ■ 8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10 ■ 7,40 ■ 8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05 ■ 14,05. Volta 8,30 ■ 14,30 Dom+fest Ida 10,05 ■ 14,05. Volta 10,30 ■ 14,30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05 ■ 19,05. Volta 16,35 ■ 19,35 Dom+fest Ida 16,05 ■ 19,05. Volta 16,35 ■ 19,35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55 ■ 10,55 ■ 13,05 ■ 14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25 ■ 8,25 a 20,55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50 ■ 7,10 ■ 13,05 ■ de 7,40 a 20,40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora ■ De 7,30 a 19,30 cada hora ■ 20,50 ■ 22,30 Sábados Ida 8,50 ■ 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 ■ a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21,10. Volta de Oleiros 11,30 ■ 21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45 ■ 13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora



*Xa somos
33.765
veciños/as
censados/as!*

Ata o 1 de outubro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.411
DORNEDA (San Martiño)	3.459
IÑÁS (San Xurxo)	1.241
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.805
MAIANCA (San Cosme)	1.121
NÓS (San Pedro)	4.373
OLEIROS (Santa María)	2.933
PERILLO (Santa Leocadia)	7.852
SERANTES (San Xulián)	1.570
TOTAL	33.765

Farmacias de garda

	Datas
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 10 ao 16 de outubro Do 28 de novembro ao 4 de decembro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 17 ao 23 de outubro Do 5 ao 11 de decembro
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 24 ao 30 de outubro Do 12 ao 18 de decembro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 663 890	Do 31 de outubro ao 6 de novembro Do 19 ao 25 de decembro
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 7 ao 13 de novembro Do 26 de decembro ao 1 de xaneiro
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 26 de setembro ao 2 de outubro Do 14 ao 20 de novembro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 3 ao 9 de outubro Do 21 ao 27 de novembro

ASÍ MEDRA OLEIROS

CAPÍTULO VII:

● Parroquia de Oleiros Urbanización Obelisco. II fase



	Superficie	Nº VIVENDAS		EDIFICABILIDADE		OCUPACIÓN SOLO PRIVADO	CESIÓN EQUIPAMENTOS E ZONAS VERDES	
		Colectivas en B+2 (9 m)	Unifamiliares en B+1 (6 m)	Residencial	Otros usos			
POLÍGONO I	20.600	35	33	9.960	1.365	11.650	3.300 parque	Casa Charry
POLÍGONO II	28.000	36	46	13.536	1.860	16.600	4.310 parque	
		8 de cesión ao Concello	5 de cesión ao Concello	TOTAL: 13 cesións correspondentes ao POLÍGONO II				

◆ O crecemento urbanístico ordenado e respectuoso co medio ambiente é unha realidade en Oleiros. Despois de 19 anos por fin se desenvolve a segunda parte da urbanización Obelisco, que estará rematada en xaneiro do próximo ano. Esta zona residencial está situada nas inmediacións da Casa do Concello, en pleno centro de Santa María de Oleiros. O seu desenvolvemento, que nun principio foi formulado como un único ámbito, executouse en dúas fases debido aos retrasos orixinados polas protestas dalgúns propietarios, que cuestionaron o proxecto ao interpretar que as súas propiedades lin-

daban con vías públicas e que por ese motivo non tiñan a obriga de urbanizalas. Entendían que todo o seu solo era edificable e que non había que facer concesións de ningún tipo. O Oleiros que hoxe estamos a gozar, dotado de infraestruturas, equipamentos e zonas de recreo, só foi posible coa estrita aplicación da Lei do solo e cunha rigorosa xestión do plan urbanístico. Esta segunda fase da actuación Obelisco vai ordenar o centro de Santa María de Oleiros e completa a súa malla urbana. A zona habilita novas comunicacións entre a avenida Francisca Herrera e a avenida Venezuela, así

como unha conexión coa zona residencial da Pezoca, cuxa urbanización se acaba de ultimar. Con esta urbanización Oleiros gaña ademais outro novo parque de case 4.310 metros cadrados. Neste novo espazo urbano conviven dous bloques de vivendas colectivas, cun total de 36 pisos, varios deles de protección oficial. Estes bloques están situados preto da nova rotonda situada no inicio da rúa Corralón. As residencias unifamiliares, un total de 46 están situadas en Cidade Xardín. As novas vivendas e a nova zona urbanizada estarán rematas a comezos do próximo ano.